

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE TUI – VIGO

En Santiago de Compostela, a 3 de maio de 2023


REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, de 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.


E doutra, a **Diocese de Tui-Vigo**, provista de código de identificación fiscal R-3600056J, representada neste acto por monseñor Luís Quinteiro Fiuza, bispo de Tui-Vigo.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio e para estes efectos,

EXPOÑEN



Primeiro.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



Segundo.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da presidencia da Xunta de Galicia.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 108/2022, de 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias a de procurar que o colectivo de emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para isto, entre outras actuacións, vén prestando apoio a todas aquelas persoas que buscan familiares ou documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediaria entre elas e as fontes onde se gardan os arquivos xenealóxicos.

Cuarto.- A emigración galega, iniciada no século XIX na procura, as máis das veces, de mellores condicións de vida, provocou que viva fóra de Galicia un maior número de galegos e galegas ou descendentes que na propia terra. O transcorrer do tempo e as vicisitudes históricas que aconteceron nestes séculos, tanto en España e Galicia como

nos estados nos que se asentaron, teñen forzado, nalgunhas ocasións, a perda do contacto e da vinculación coa Galicia territorial e coas súas familias de orixe, malia que o espírito de pertenza e profundo cariño á terra e á súa cultura teña permanecido como unha herdanza irrenunciábel que se transmitiu de xeración en xeración, moi especialmente nos países da rexión denominada Hispanoamérica.

Todo o antedito dá orixe a que un permanente e grande número de persoas manifesten o seu desexo de recuperar esa vinculación real, ben na procura de familiares ou lugares de orixe, ben na procura da propia nacionalidade española. Esta última circunstancia viuse enormemente impulsada pola promulgación primeiro da chamada "Lei da Memoria Histórica" (Lei 52/2007, do 26 de decembro) e máis recentemente da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, que orixinaron que moitas dúas de milleiros de descendentes de emigrantes se mobilizasen na procura de documentación que lles posibilitase acadar a nacionalidade española.

Os vieiros que utilizan as persoas demandantes de documentación de familiares ou lugares de orixe de antecesores/as son fundamentalmente os que a administración galega pon ao seu dispor a través da Secretaría Xeral da Emigración, directamente ou a través das fontes nas que se gardan os documentos de filiación: os arquivos diocesanos, os rexistros civís ou os concellos.

Quinto.- O Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a moitas persoas descendentes da emigración galega a demostrar a súa ascendencia.

Entre os fondos parroquiais atópanse os "libros sacramentais". Os párrocos anotaban nestes libros, que teñen o seu comezo no século XVI, a celebración dos diversos sacramentos administrados nas parroquias, como bautismos e matrimonios, así como as defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, o nome e a orixe do pai e da nai; do avó e da avoa, así como o nome e enderezo do padriño e da madriña. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise precisa a súa indexación e difusión pola Internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

Sexto.- Dadas as características das actuacións que se van desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera o Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrência pública, pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das dioceses e subscríbense convenios coas seis dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio de colaboración, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Diocese de Tui-vigo para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

Segunda.- Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deste convenio serán as persoas emigrantes galegas e a súa descendencia que precisen certificados de ascendencia por medio da consulta dos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano.

Terceira.- Crédito orzamentario

Para sufragar os custos das obrigas derivadas do obxecto do convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de **dous mil cincocentos euros (2.500 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (Código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Cuarta.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

Quinta.- Prazos e modos de pagamento

Tras a sinatura deste convenio efectuarase un pagamento anticipado de **dous mil euros (2.000 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se concedeu a axuda.

Por outra parte, á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade, sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.

Sexta.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro do 2023.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada por quen represente a entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada por quen represente a entidade, na que se farán constar os obxectivos acadados.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados no parágrafo anterior, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da xustificación (os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que desempeña cada persoa).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

- Relación nominativa e numerada das partidas expedidas polo Arquivo Diocesano en execución deste convenio, asinada polo seu director.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro

Sétima.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que haxa que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente o investimento non efectuado ou non xustificado.

Oitava.- Obrigas das partes

1.-A **Diocese de Tui-Vigo** comprométese a:

- Emitir certificados de ascendencia as persoas emigrantes galegas e a súa descendencia por medio da consulta dos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

- Informatizar e indexar os datos rexistrais das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

- Realizar actuacións co fin de facilitar o acceso e difusión deste importante patrimonio documental.

- Facilitar á Secretaría Xeral da Emigración información detallada acerca da súa actividade en relación co obxecto do convenio cando esta o requira. Permitirlle o libre acceso aos fondos documentais do arquivo, agás aqueles sobre os que existise algún impedimento de tipo legal.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para cumprir as obrigas previstas no título I da citada lei.

2.- A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

→ Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

Novena.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c. O acordo unánime de toda as partes asinantes.
- d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e. Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da

Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

Décimo segunda .- *Relación laboral*

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaria responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dependente dela non impartirán instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento pola outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

Décimo terceira.- *Publicidade*

As partes asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- *Réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Secretaría Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro do 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para cumprir o obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro do 2023.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos. En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O bispo de Tui-Vigo



Luis Quinteiro Fiuza